


P. GUMERSINDO PLACER

*Mercedario*



*D'o mar e d'a terra*

POESÍAS GALLEGAS


*de*

*D. Francisco M.<sup>a</sup> de La Iglesia*

9c-1970

D'o mar e d'a terra





R.94.387

Francisco M.<sup>a</sup> de La Iglesia González


# D'o mar e d'a terra

Poesías inéditas e recollidas  
pol-o Padre Mercedario

Fr. Gumersindo Placer López  
Mosteiro de Poyo



*Editorial Mercedario - Madrid*



## PRÓLOGO

*D. Francisco M. de La Iglesia González*

Velei un poeta, eixempro palpabre da nosa desidia histórica, e do olvido qu'inda envolve algús valores literarios do século derradeiro.

Anque soe a herexía, o certo é que, as letras galegas do XIX están mal esculcadas e cheas d'inxusticias. A mesma cercanía dos persoaxes, fai caer a moitos c'o seu espellismo de críteca fácil, e d'ahí que se chegou a formar un *cánon* ou enroladura d'esquiritores, coa excrusión d'outros mal conocidos.

Pero, consolémonos. Inda hay strelas potentísimas, cuia lus inda non chegou hastra nosoutros.

\* \* \*

Naceu D. Francisco María de La Iglesia González preto do Sarela, aforas de Sant-

Iago. E desde que estudeou n'a escola franciscana de S. Lourenzo, hastra que morreu, n'a *Puerta de Aires* d'a Cruña, levou sempre n'a frente unha strela, e n'a boca o caravel d'un cantar.

¿Por qué teño medo de esquirbir unhas verbas coma introito d'as suas poesías?... ¿Por qué tremei ô recollel-as n'o espigado campo d'os seus manuscritos?

Quezais por iso, precisamente, porque me vin diante un poeta, e... ¡foi sempre tan difícil coller o ritmo das pingotas que deita a fonte!, ¡tan ousado levar conta dos aleteos d'un águia!

Con todo, non vos asustedes, iste poeta chámanos c'a sua fruta a soños de primavera; e non vos tollera d'isa iluseón con renqueos de musa asmática.

\* \* \*

Â garimosa invitación d'a EDITORIAL MERCEDARIA débese iste florilegio de La Iglesia.

*Nunca é tarde cando a dita é boa*, reza o refrán do noso pobo; e digo eu: Dios guíe a Editorial n'ista xurdia laboura de arqueoloxía literaria.

Naceu La Iglesia n'o Sant-Iago, o 2 de Frebeiro de 1827, e morreu n'a Cruña o 5 d'abril do ano de 1897. Viveu días cheos, y-unha eterna xuventú foi sua compañeira; así n'os días dourados en que pisou as aulas compostelás, coma n'os serodios, cando peirteaba xa os fíos arxentinos d'a sua barba florida.

Ardencioso e vital, tal qu'unha cepa vella, nunca soupo de desalento.

Home bó — bó sober todo —, sabio, poeta, xornalista, botánico, arqueólogo, amigo do folk-lore e rexionalista. ¿Quén do seu tempo non alcontrou n'íl consello, alentos y-un fiel amigo? N'o symposio da sua amizade couperon: Pintos, Seoane, Navarro, Veiga, Barcia Caballero, Curros, Pardo Bazán, Rosalía, Calé, Pondal, Añón, os Camino, Turnes, Lamas Carvajal, Martínez Salazar,

y-o mesmo Murguía, a quen dimpois tivo un odio furibundo.

La Iglesia non coidou nunca de recoller en volumen as suas poesías — centos de composicións — e darlles publicación.

Non podía. Era probe e moi traballado.

A sua laboura foi miragrosa, foi o agromar de Mayo. Verdadeiras erupcións poéticas xurdían d'a sua pruma qu'il manexaba c'a gracia d'un ortebre; y-o que mais ademira é, que a voltas de tanta facilidade n'a rima y-apouvigamento d'ideias, corre sempre un fío de melodía galega, que reventa, as veces, en música torrenteira.

A sua vena lírica arrancaba d'un corazón forte e sán, pletórico d'espranzas e d'ilusións.

La Iglesia foi un poeta *enteiro*, quero dicir, que n'os seus versos, tremaba a y-alma do seu tempo.

Vosotros oíchedes, moitas veces, cómo reventan n'o ar as bombas, e cómo soa n'os montes o *eco* d'os estralos. Pois ben, os co-

razós d'os poetas — poetas n'ó senso crá-seco —, són os ecos do estado xeral d'un pobo; d'a expresión de placer ou delor, que se ven a facer algo íntimo, algo que é a expresión viva da concencia ambiente.

Certo que La Iglesia non tivo aquela aución remexedora e turbulenta de moitos d'os seus amigos; mais non por iso sinteu menos n'a y-alma, os dôres da preñadura d'unha Galicia libre, e autónoma. Ô lindeiro d'aquelas algaradas, empuxou con estrofas e consellos a laboura redentora ¡qu'inda non chegou!

E pra ser poeta *enteiro*, pra sel-o *eco* do seu tempo, atoparedes n'os seus versos: xa ledos parraféos e pinturas da paisaxe; ou ben traxedias d'a emigración e martirios da saudade. Pol-os seus versos rolan as lembranzas, santas e mimosas do seu lar, y-a socarrona e picaresca malicia da nosa xente.

Non quero alargar mais iste prefacio. Teño en carpeta unha boa colleita de materiás pra

un estudio d'iste poeta, y-espéro en Dios,  
que pronto verán o día.

\* \* \*

Agora debo dicir que, n'ista coleución, levei un sistema algo orixinal. Pois, nin collín as mellores poesías de La Iglesia, nin total-as publicadas en diarios e revistas; sinon que, remexendo n'os seus manuscritos, xuntei as que — ô meu xuicio — eran mais compretas, e, sin unidade formei iste florilegio.

Como n'algúnhas poesías hay loita, e n'a loita logo se perde a serenidade, algúnhas verbas soarán mal; de todas elas responde o autor por sí.

Nada mais. Agora, leutor doado, volta a folla, e zuga n'a y-alma d'un poeta, gustando versos de home: nerviosos, ardenciosos; valentes por ser d'un celta, e cheos de vida intensa.

*Mosteiro de Poyo.*

## O SPRITO D'AURELIO

### BALADA

Carón d'as rüinas do vello castelo  
da fonte da Serpe que deita no mar,  
na posta da lúa, da escuma antr'o velo,  
así xeme o sprito do cisne do Sar:

¡Ouh bardos galaicos! saúde e boanza:  
a vos miña lira, meu pátreo ideal.  
Loitá con esforzo, xa qu'eu malandanza  
topei d'estas augas no peso brutal.

E as augas responden  
con férvedo són:  
¡Mais pesan as ondas  
do mar da ambición.

¡Ouh terra frorida, progresá, depende,  
qu'o sabio sin lanzas, ós tronos s'impón;

ánima tuas artes, teus fornos acende...  
destonces temido será teu pendón.

Y as olas responden  
con mais rexotón:  
¡Podencia con vicios  
non ten duración!

13 enero 1884.

## DOUS CORAZOS DE MANTEIGA

(N'UNHA NOITE DE XANEIRO)

—¡Moito te quero,

cara de demo!...

—¡Eu a tí non,

cara de ladrón!

(*Recrebo garimoso popular.*)

(*Ela por dentro, él por fora.*)

—¡Tuntún!

—¿Quén é?... ¡Non hai naide!

¡Todos van na percesión!

—¡Abra que choven cantazos...

—Pois cóchate cos calzós;

anque os croques na moleira

dis que fan pensar millor!

—¡Miña sogra!...

¿Qué meu xenro?

—¿Non oi que chove a Dios dar?

—Pois meu xenriño, anda a presa  
e aprovéitate o luar.

—(¡Do deño si aquí n'afogo!)  
¿E vosté ten corazón?...

—¡Home! e tí que m'o roeches  
non sabes si o teño ou non?...

—¡Pro almiña sei qu'a ten...!

—Si hei de quitar de tí raxas  
boa falta me fai tamén.

—E diga: ¿dos seus cartiños  
non pode emprestarme algún?

—Xa sei, xa; dos do meu corpo...  
¡ben te agarraras con un!

—¡Xesus! ¡Canto se equivocou!  
¿e por qué me xulga así?...

—¡Coitadiño! e quen diaños  
ha de pensar mal de tí?

—¡Abrame, pois!

—¡Quen poidese!

—Mesmo por vela toleo...

—Pois eu véndote rabeo...

—(¡Qu'esa breva non caese!)

—¿Conque verme? vaya logo!

Pois pra me ver o refaixo  
bota os ollos por debaixo  
da porta, meu rulo.

—(¡Fogo!).

—¡Pelos a la mar, señora!  
que veño a darlle un biquiño.

—Na punta d'este fouciño  
podíasmo dar agora...

—E mais véñole a insiñar  
contra o estéreco unha guía.

—¿A que ch'o insiñou o Zucio?

—¡Que non diga a filla vosa  
qu'eu de verdá non'a quero!

—Qu'o teu querer non ten pero  
xa cho sabe o lugar todo.

—¿N'é verda?

—¡Sí! meu xenriño,  
eres un home de ben.

(¡Cómate un lobo!)

—E vostede,

(¡Ah lurpia!) coma ninguén.

—¿E logo non abre?

—E cedo.

—Destoncias hastra mañán.  
—S'algo se ch'ofrece, manda.  
—¿O cura ou o sacristán?  
—¡Ai canté! ¡Eles t'acochen!  
—¡N'adoecerás!  
—¡Larpán!

1888.

## AS HORAS D'O DIA

Pintan as horas do día  
como virxes candorosas,  
con crechos cabelos d'ouro  
e alas de mariposas,  
con cófia e túneca aireiras  
de gasas de côr d'aurora;  
brazos e colo de neve,  
labros de roxa mapola,  
c'unha strela sobr'a testa  
qu'espargue lume de gloria;  
e na destra un ramallete  
d'espigas, frores e froitas,  
coma siñal de saúde,  
e dos bés que nos dá Frora.  
Así pintan, así pintan  
con olladas que namoran,  
antre recendoso alento,

esas harmonientas Horas,  
que con tanta calma veñen  
cando algún dôr nos afoga...  
e cando algún bén nos bica  
foxen jai! tan presurosas.

# A CRIS D'AMOR

## SERENATA

*Premiada co-a primeira mención honorífica polo Xurado d'o Liceu Brigantiño da Cruña.*

Música de D. José Areal

### I

Luceiro fermoso qu'estás na solana,  
servind'os meus ollos d'amante fanal,  
che rogo n'acrisel-a vista galana  
meu ser envolvendo na tréboa mortal.

### II

Ti, anxel da vida, na fresca alborada  
meu ser depuraches con lumes d'amor.  
Non queiras agora crubir de xiada  
un peito qu'inzaras de máxico ardor.

### III

Sonríme de novo, dulcísema aurora,  
con esas miradas d'amor virxinal.

e cantos delores meu peito devora  
virán a trocarse n'un soño ideal.

#### IV

Descorre ese velo qu'ô ceu agravía  
cochand'entr'os prigos teu vivo craror;  
sin luz criadora só hay agonía,  
con luz todo é vida, correntes d'amor.

#### V

Teus labres de rosa tan fartos d'ensenzas,  
teu son regalado non queiras prender,  
descóchate e móstrame o ouro das trenzas,  
sin verte, meu sole, perfiro morrer.

#### VI

¡Así, miña xoya, tan branca tan pura!  
Así alborando sin velo treidor,  
desfans'os nubeiros da miña tristura...  
¡Así quero vertel... así ¡meu amor!

1881.

## A INVIDIA

Suando fel... con ollos remexentes,  
corvand'as unllas e fechand'os dentes,  
¡Ahí vái, ahí vai o monstro desalmado,  
sempre ollando pro lado;  
sedorento de ver correl'as bágoas  
deseyando pr'algúen perdas e mágoas!

Fuxe, cóbrega ruín, madre dos celos,  
vait'â coba, treboal dos teus desvelos,  
que han de ser para tí menos penas  
suas sombras loitosas,  
que o ver sorrír a un labio satisfeito  
da calma qu'en ser bó sinte no peito.

¡Fuxe, fuxe, cativa, desmedrada!  
fuxe e traba tua lingua refollada,  
que a razón dos mortás non é tan cega  
que no'entenda tua brega.

e non sinta chegar teu bafo... lento,  
venenoso, treidor... de cote odiento!

Si tí n'eres capaz de cousa boa!  
s'ó crarín das virtus pra tí non soa,  
¿Qué veñen a catar tuas olladas,  
                  antr'as almas honradas  
s'ó fin has de beber lume do inferno,  
ô ver que ganar saben láudo eterno?...

Saber, honra, valer, gracias, virtude,  
todo tarreo ben, paz e saúde...  
todo, Invidia, é pra tí causa de pena,  
                  todo en fin t'encangrena:  
canto das almas nobres for loado  
gozarás tí por ver envilazando.

Ante a furna mortal do teu alento  
xamais s'ergueu a fror do entendimento.  
Cantos fieles che son e t'arrodean,  
                  probes ou ricos seyan,  
terán que renunciar toda loanza,  
toda luz, toda fé, toda esperanza.

¡Ouh terrible pasión esfamiante  
non farta de roer un soyo instante!  
¡Hastra paréz que tés dentes nos ollos,  
          hurdideiros d'embrollos!  
¡Fúxe! ¡maldiga o mundo as tuas mañas,  
¡Batán do sono!... ¡broca das entrañas!!!...

## A FADA D'OS CAMPOS

*Fada xentil das Mariñas  
n'os campos de Miraflores  
d'envexa mata ás meniñas,  
consume ó doncel d'amores.*  
(Cántiga.)

### I

Eu te vin, Fada hermosa dos campos  
o teu pé, nevadiño e lixeiro,  
teus ollíños de craro luceiro,  
mais risoña qu'aurora d'Abril.

Eu vin teu cantar regalado  
qu'o fender teus labiños de rosa  
penetrou miña entraña dorosa  
con ferretes d'aceiro sotil.

### II

Dend'entonces, sin sombras vivindo,  
vou teu rostro de Virxe catando,

mil suspiros ôs ares ceibando  
sin da y-alma tua imaxe borrar.

E cruzando pradeiras e montes,  
coma folla qu'arrastran os ventos,  
fervoando cos meus pensamentos  
vou tras tí como os ríos ô mar.

### III

Cando as nubes de prata camiñan  
esparguendo seu ledó alborexo,  
n'unha d'elas, meu anxel, te vexo  
espallando rayolas d'amor.

E cativo d'un súbito pasmo,  
perseguido tua casta figura,  
miña vista te perde n'altura  
mentras morrre o meu peito de dôr.

### IV

Na fontella que rifa cos ventos,  
nos ramallos qu'o norte remuíña,  
entr'as canas da verde cortiña  
amorosa tua voz penso oír,

e voando afanoso e sen siso,  
a onde soa tua voz armoniosa,  
sol'atopo a soedade spantosa,  
que m'agoira un eterno sufrír.

## V

¿Por qué ¡ai! vin os teus ollos meigueiros?  
¿Porqué ¡ai! vin tua amante figura,  
se solagos de tant'amargura  
sólo habían de ter para mín?...

¡Ai! ¡malhaxa aquel prácido instante  
en que oín teus cantares grorentos,  
aquei ar d'escondidos tormentos  
qu'eu n'o prado sedento bebín!

## A BÉLICA GALLEGA

*¡Primeiro mortos que vivos!*

(CANTO DA PATRIA)

### I

¡Resolla, Galicia!  
que o anxel da fama  
teus fastos procrama  
nos campos da honor;  
empina tua testa  
que a gloria abrilanta.  
As sombras espanta  
do teu arredor.

### II

¡Impávidos celtas,  
s'a patria padece

¿Qué fillo s'esquece  
d'erguer seu valer?....  
¡Cal zóan os rayos,  
corred'â vitoria,  
qu'esperta na gloria  
quen sabe morrer!...

### III

¡Gallegos! ¡âs armas!  
¡ôos campos voémos!  
con sangue afoguemos  
o impuro tirán.  
D'a santa Xustiza  
o himno entoando  
corramos, limpando  
de móstros o chán.

### IV

¡Erguéde a bandeira  
escadras de Brigo!  
¡Non conte o enemigo  
quen seipa lidar!

O lume dos héroes  
resgarde na mente  
quen queira sua frente  
c'un lauro entrenzar.

V

¡Primeiro que nada  
gallegos sexamos!  
¡en pouco teñámos  
a vida, por Dios!...  
Si a sorte treidora  
nós fóse este día;  
¿Quen sufr'a estranxía?  
¡*Medúleo* con nós!

## A STRELA DA FARTURA

Strela pelengrina  
qu'asomas no Poente,  
o teu lucir crecente,  
¿qué busca pol-o ceu?  
¿qué ideyas redentoras  
volígan no teu seyo?  
nos mares do deseyo,  
¿qué pide o vivir teu?

C'os miles d'arcos d'ouro  
que pol-o spazo trazas,  
dí, ¿qué virtús enlazas  
qu'honrar poida un altar?  
¿Qu'imperios en ti s'erguen?  
¿qué leis en ti s'amparan?  
hai almas qu'en ti paran  
tamén para chorar?

O teu galán relume  
de lixeiréz portento,  
¿qué nobre pensamento  
mantén ant'as edás?  
¿Cal é tua bandeira  
no exército dos séres?  
si ti boya non eres  
do sprito: ¿qué béns dás?

Será posibre, strela,  
que rôles no vacío  
coma un topacio frío,  
sin brío criador,  
e sigros, tras de sigros,  
camiñes indifrente  
sin aire, mar, nin xente,  
sin frores, sin amor?...

¡Ah, nón! ¡non é posibel  
qu'o Pai da Natureza  
doutâr d'esa estriieza  
o mundo sideral;  
en tanto que no pío

qu'aventa un vil mosquito  
formento haxa en finito  
de xerazón vidual!

Strela, nos teus rayos,  
que son do ceo gala,  
¡quen entendera a fala  
qu'o Criador che deu!  
¡Quen descansar poidera  
â sombra dos teus vales...  
pro ¡ai! delicias tales  
en van as soño eu.

1881.

## A GALICIA

### HIMNO

premiado con accésit nos Xogos frorás de Pontevedra  
no ano de 1880.

*Salus, honor lausque Gallcii,  
virtute atque pulchritudine sua.*

### Coro

¡Salve, ou patria! fecunda Galicia,  
xardín dos encantos, lumeira da Fé,  
por teus héroes, da Hestoria delicia,  
sobindo hastr'os céos tua gloria se vé.

### I

Rindámoll'â pátreia,  
gallegos cantores,  
de xustos loores

lumiôso caudal;  
c'o eco das harpas  
renóvese a vida  
na terra frorida  
do noso nadal.

Do teu folgo terrible e cantado  
en tantas loitanzas d'honor sin rival  
sea norte ise *victor* cravado  
d'a Ponte San Payo, n'a veira inmortal.

## II

¡Ouh tempo brandido  
d'estrelas e frores,  
de castos amores  
e froitas da paz,  
xamais tí consintas  
que turbas alleas  
con viles cadeas  
fostreguen tua faz.

Dend'o spazo dos astros perfundos,  
o ánxel da Hestória co liño ôs seus pés,

mostra ledo tuas cróas ô mundo  
pregoando qu'ensexebres de m'ingua te vés.

### III

Varós subrimados  
ô trono da cencia,  
da pátria existencia  
guiad'o latir;  
curáde do berce  
da hispana grandeza,  
qu'é prenda da alteza  
d'un rico porvir.

Revoándo teu albo estandarte,  
qu'a Hostia dos libres n'os prigos cochóu,  
coma rayo escollido por Marte  
cadea de trunfos eternos che dóu.

### IV

Sigamos nosoutros

a ruta lucente  
d'o sprito fervente  
que loita por nós,  
probando qu'os fillos  
da celta froresta  
non renden sua testa  
non sendo ante Dios.

¡Nai Galicia, s'ainda fai falla  
c'o sangue das venas teu bén requeutar  
anque choivan trebós de metralla  
teu nome erguerémos n'a terra e n'o mar.

## V

Xurémos, galaicos,  
sin tírria nin saña  
os lindes d'España  
c'a espada soste;  
pro cando alguen queira  
cortar nosa terra,  
¡fundílo na serra!  
¡trunfar ou morrer!

*Coro*

¡Salve, ou patria! fecunda Galicia,  
xardín dos encantos, lumeira da Fé,  
por teus héroes, da Hestória delicia,  
subindo hastr'os céos tua gloria se ve.

*Lema:*

Tanto hai que cantar de Galicia  
qu'un non sabe por onde empezar.

## A STRELA CRUÑESA

### ALBORADA

adicada âs garridas nenas d'a Cruña

Música de D. Pascual Veiga.

#### I

Arriba qu'a Aurora  
comenza a pintar  
a luz que namora  
na terra e no mar.  
Deixád'os leitiños,  
meniñas, deixá,  
qu'os vosos ollíños  
dan mais craridá.

#### II

Como ese sol qu'alomea  
tan galán e spella dor,

vínde vos, soles d'a aldea,  
avival-o noso amor;  
que si con lumes e frores  
sab'a Aurora rebuldar,  
vosos cándidos amores  
saben mellor feitizar.

### III

Vínde, fillas d'a Alborada,  
vín'd'a ver nacel-o sol,  
c'os labiños de granada  
que dan celos ô arrebol.  
E ô remanso d'os airiños  
d'a fontaña ô gorgullar,  
bailarémos en remuíños  
de duzoso suspirar.

### IV

Alá ven xa, raparigos,  
meu amor, miña iluseón,  
cochand'entre brancos prigos  
seu ferido, corazón.

N'hay aurora como ela,  
nin máis fresco caravel...  
¡miña rula! ¡miña estrela!  
¡morrerey por serche fiel!

V

¿Non vés, miña prenda,  
aque! sol n'Ourente?  
Seu lume crecente  
é neve pra mín.  
Vén tí ôs meus brazos,  
jo mundo olvidemos!  
e amantes seremos  
da vida hastr'o fin.

1879.

## A DANZA D'AS CANDEAS

Nenas d'estas aldeas  
tragué candeas  
a bendecir,  
que a Virxen Candeloria  
vos brinda gloria  
c'o seu sorrir.

Traguéll'unha ruliña  
d'a sua almiña  
remedo fiel,  
do seu amor semello,  
decote espello  
do candor d'él.

Con polas de romeiro,  
sempre olideiro  
ramos facé,  
e con bendito inxemplo

seu sagro tempo  
arrecendé.

Que ôs pés da Nai máis pura,  
reina d'a altura  
só debe arder  
a luz que nas estrelas,  
eternas velas  
vemos tremer.

Diant'ela voso labio  
sin vil resabio  
brote a orazón,  
qu'é ela a fonte sana  
do bén que mana  
do corazón.

E baixará do ceo  
un río cheo  
d'eterna lúz,  
qu'afogue a crúa guerra  
que fai da terra  
sanguenta Cruz.

Vinde que casadiños  
os paxariños  
reviven xa,  
e Nai de tal Neniño,  
compañeiríño  
fiel vos dará.

30 Xaneiro 1876.

## A MUINEIRA

(*Ô son d'o pandeiro*)

Muiñiño de meus pais,  
tésme cativiña aquí,  
bota que bota en grau  
pra que non royas en tí.

*Estribillo:*

Alalála, alalála,  
pra que non royas en tí.

Mentras meu corazón bate  
para diante e para trás  
tí xordo, ronxe que ronxe,  
baila que te bailarás.

As augas que te menean  
tamén ¡ai! fuxindo yan,

soando com'os suspiros  
que do mais fondo me sân.

Érel-o vivo semello  
do tempo consumidor,  
a vida cargand'a tolva,  
e él royendo treidor.

Tamén coma tí, tolviña,  
meus pensamentos dán grán;  
pro cán n'ó muiño do mundo  
e coma foula s'esfán.

Róla, róla, non te pares,  
muiñiño de meus pais,  
mentras tí rolas eu penso  
pra meu tormento nomais.

Bota fariña máis munda,  
non m'a deas viva, nón,  
que a forneira esbarafunda  
porque dá moito relón.

N'andes penzo e voandeiro  
mira que tã vas a empegar,

e virán pico e canteiro  
tuas lombas caroar.

As penas do teu rodicio  
hoxe fan mofa de mín,  
pro vóull'acurtal-o vicio;  
Quen mal anda ten mal fin.

Abrámos mail-a represa,  
que pod'a canl'entoar  
e non hai paus na debesa  
pra podelo esbaleirar.

Tanxe, tanxe, tanxedoiro,  
canliña deita tí ben,  
mentras qu'a roupa deloiro,  
mentras meu amor non ven.

Xa teño o muíño corrente:  
ven moer tí, meu amor,  
que n'hay mozo máis valente  
que seipa möer millor.

A fervellar con soaces  
qu'él ven o craro lur

vinde mozas e rapaces  
a mœr e xoldear.

Calou o sôn da muiñeira,  
esmoreceu o arrebol,  
e do día n'a cerdeira,  
despediuse o verderol.

## ABRIDE AS VENTANAS

### SERENATA

Abríd'as ventanas  
viventes estrelas,  
gallegas roxelas,  
albor d'este chán;  
oíd'os cantares  
d'amor rebosantes,  
dos vosos amantes  
que as noites vos dán.

¿Da Lúa non vedes  
a luz que desata  
anacres de prata  
n'a fonte e no mar?  
Pois é pra vosoutras  
sua dádiva hermosa,  
que é rica esa diosa  
pra quen sabe amar.

Si brandos suspiros  
aquí trague a brisa,  
por vosa sorrísa  
se deixan sentir  
leales queixidos,  
doentes resollos,  
qu'erguedes cos ollos  
d'amante ferir.

Da brisa da noite  
nos lánquedos xiros,  
oíde os suspiros  
d'amante fervor,  
que dan nosos peitos  
por vós tan teridos,  
de cote acendidos  
n'o lume d'amor.

Imáns atraguentes  
das nosas miradas,  
xogando fiadas  
no voso poder,  
n'as redes froldas  
da vosa hermosura  
inxenio e bravura

face des caer.

Pois xa que en nosoutros  
mandás soberanas,  
non mais inhumanas  
xoguedes con nós;  
guindá nos das vosas  
apertas amantes,  
y-a vida constantes  
daremos por vós.



## O MANCO DA PATRIA

### ROMANCE

*Arriba, canes, arriba,  
que mala rabia vos mate,  
en jueves matais el cerdo  
y en viernes comeis la carne.*

### I

Pol-a patria quedei coxo e manco,  
e cando da guerra voltei ô lugar,  
ô alcalde pidínl' un estanco  
e él e seus fillos guindárom' un tranco,  
escarno facendo do meu lamentar.

Dend'estonces, por medo âs pancadas,  
eu digo âs caladas:  
¡Mala rabia te mate meu can  
case agradécel-o bén que che fán!

## II

Eu cramaba: Son manco da guerra,  
e dino é d'amparo quen compre o deber.  
Noustant'il dicía ca sorna mais perra:—  
meu coxilitranco, quedáras na terra,  
que garda seus membros quen tén que perder.

Dend'estonces, por medo âs pancadas,  
eu digo âs caladas:  
¡Mala rabia te mate, meu can,  
case agradécel-o bén que che fán!

## III

Pois, siñor, s'eu non fora, sospeito  
que a poucos quedára quezais que xantar.  
Todiños lle temos â vida direito...  
e estas cruciñas que trago no peito  
vosté... — ¡Cala coxo, que as podo alcanzar!

Dend'estonces, por medo âs pancadas,  
eu digo âs caladas:  
¡Mala rabia te mate meu can,  
case agradécel-o bén que che fán!  
Xaneiro, 1881.

## A SOLAS

¿Quén, cando solo s'atopa  
nas calmas do pensamento  
que fan esquencel-a copa  
do acedil sufrimento  
que a testa en sudor ensopa,  
non vola trás da armonía,  
e sin pensar non s'esperta  
nos mundos da poesía,  
n'esa rexión sempre aberta  
ôs soños da fantasía? ...  
¡Ninguén! Porque rayos d'ouro  
cruzan estonces a mente,  
e rómpes'o cárcer louro  
onde fai triste e dormente  
das creaciós o tesouro!  
E canto s'ergue sorrindo  
das iluseós na marea,

ou ven a brisa ludrindo  
qu'erbas e frondas outea,  
todo nos fala do Pindo,  
nos presta artístecos ollos  
c'os que nos ergue hastr'ôs ceos  
fuxindo espiñas e escollos,  
ou ben nos torna ôs mareos  
dos amorentos embrollos.

## REISIÑOL

N'o medio das oliñas prateadas  
que mornas dend'a lua hastra mín chegan  
mándame, reiseñor, diluidiño  
o mel amainador das miñas penas.

Ti sabes canto gusto dos teus xiros  
dispidos d'arteficios embrollados,  
sinxela traduceón dos sentimentos  
que aniñan no teu seo namorado.

Dichoso tí, qu'atopas na frondía  
o prémeo natural das tuas trobas,  
sin medo ôs mordisquentos cabildeyos  
de quen, sin t'imitar, teus sons escoita.

C'a tua inspiraceón non asoballas  
a cantos donos s'erguen na comarca,  
ti cantas pra saúde do teu niño  
sin deputar riquezas nin privanzas.

N'os misterios da noite n'as frondías,  
c'o lume das estrelas t'entusiasmas,  
e ca tua dorada, fiel decote,  
cos meles d'armonías t'emborrachas.

Sin cubizal-os ricos atavíos  
das mais prezadas paxaríles pompas,  
anque t'agaches n'o fondal espeso,  
gózas'o aire en estender tua sona.

Os argalleos da tua língua douta,  
ceiba das trabas do triar medido,  
silencio impôn âs arpas alauradas  
que mais delirian por seguir teus xiros.

¿Qué dis, qué cantas do cheiror das frores,  
qu'o musgo embebe do teu brando niño?  
Prádech'o ledo gurgullar da fonte.  
¿ou gustas mais do rexoubar dos pinos?

## AS VAGOAS VOANTES

### ROMANZA

Ô insíne literato, alaurado poeta e distinto amigo meu  
Barcia Caballero

Non vagues, non, pol-a altura  
meu pelengrín pensamento,  
catando o rostro amorento  
do fillo aquel que ¡ai! perdín...;  
pois anque as áas querbares  
dos astros sobr'o remuíño,  
n'has de dar co-ese anxeliño  
do acorar meu hastr'o fin!...

Deixa qu'hosannas entóe  
ôs pés do Ser infinito:  
deixa gozar seu espírito  
lonxe d'as vágoas do chán...  
por mais qu'as vágoas d'amore  
qu'os pais degaxan do seo  
ô lacrimero do ceo  
depurgadiñas voarán!

## SOEDADES

Ô meu amigo Xosé María Ballesteros

Meu fillo no chán da Cruña  
nació coma un lírio branco,  
pro baixo o ceo d'Habana  
quedou mucheiro e tisgado.

Aquí víasell'a vida  
nos seus ollos rebuldando,  
nos seus labios de cereixa,  
no<sup>s</sup> seus cabelos rizados.

Aló, pálido e tristoño,  
fraquiño e desmadeixado,  
parece o albre das tombas  
c'os seus pingantes ramallos.

Corría aquí coma un corzo  
por prayas, montes e campos,

farto d'alento e de forzas  
sin fatiga e sin traballo;

Alá suando decote  
hastra sentado n'un tallo,  
acora, coma se fose  
tenro e sedento paxáro.

Aquí soñaba en ser home,  
en saber, en valer algo;  
alá soña ¡miña xoya!  
c'as frores dos nosos prados.

„Xa non irei mais — me dice —  
pol-os roleiros brincando  
pillando moras e grilos  
nin seus paxariños gayos.

Non patuxarei na fonte,  
nin pol-o regueiro manso,  
nin mais arredor dos albres  
beilarei o contrapaso.

Non irei mais con Rosiña  
pol-as beiriñas dos agros

catar herbas de San Xuan  
merendeiriñas e stralos.

Aquí quedarei, que a vida  
aquí váisem'acabando,  
a por de pensar nas cousas  
d'ese chaudiño de encantos.

Aquí non hay romarías  
qu'esparzan o noso ánimo  
con *ala lálalas* e bailes  
arredor dos santuarios.

Nin alegres merendiñas  
sobre o chán margaritado,  
baixo d'algun castiñeiro  
ou dos bidueiros do prado.

Aquí con peras e roscas  
non s'adornan os ramallos,  
nin cas faixas da *serríña*  
van os romeiros ô paso.

Nin as nenas c'as pandeiras  
van tras das frutas toçando,

facendo c'os seus cantares  
do noso peito fiaños.

Aquí jai Dios! nunca vimos  
ir a ría atravesando  
un bote c'a Virxen dentro  
baixo os pendóns de damasco;

E tras él, botes e botes,  
múseca e gaitas tocando,  
e botando tantas bombas  
coma un combate de náos.

Aquí non vos hay as feiras  
do Santo patrón Santiago,  
de Padrón, da Pelingrina,  
de San Froilán e de Pazos...

Aquí samente hay quentura,  
auga e aire empezoñados,  
gómito, frebe marela,  
moita morte e poucos cartos.

Se Dios no remedia pronto,  
todos nós aquí deixamos

enterrado o noso corpo  
debaixo dos desengaños.

¡Adiós! ¡adiós nai Galicia!  
¡adiós garridiños campos!  
recollede compasivos  
nosos suspiros coitados.

Durman éles tan siquera,  
debaixo d'eses ramallos,  
xa que nós decote espostos  
a mais non vervos estamos.

15 San Xoan, 1879.

## ¡Ô LOBO Ô LOBO!

Froyeiros caciques,  
barrizo d'a aldea,  
vergoña dos pobos,  
carunchos da lei;  
que Dios vos afunda  
do mundo pr'albenda  
por homes vendidos,  
sin pátria nin fé.

C'as unllas molladas  
n'a pía da ilesia,  
gabiádelas carnes  
dos vosos hirmás,  
tripándoll'impíos  
a *Sancta Sanctorum*  
qu'a pôr de mil penas  
logranon salvar.

Ergué e guindades  
as vosas feitura  
—pois sô por usura  
furtás a eleución,—  
pra darlla en cambeyo  
das chaves da vida  
que os probes buceyan  
no mar do delor!...

Con ese negocio,  
dos ceos maldito,  
boyando así ides  
das vágoas no mar,  
contando c'o amparo  
dos donos da forza  
hastra qu'unha racha  
vos diga: — !!Namáis!!

Ô lobo, gallegos,  
ô lobo qu'é bravo  
e Dios é convosco:  
Xuntávos de vez;  
abaixo os caciques,

qu'as leis atropelan;  
sin eles, governo  
pior, n'ha de haber!

1 Outono 1892.

## OS AIS D'UN SCRAVO (1)

Ô meu amigo D. Enrique López Vidal

Cando se royerán miñas cadeyas  
de loura scravitude,  
de tantas vágoas e sospiros cheyas  
qu'así roendo van miña saúde,  
n'as longas horas d'esperanza alleyas?

¿Qué adiant'eu con erguer meu pensamento  
ô scano do infinito?  
¿De qué me val ser home e non xumento  
e darlle en oración a Dios meu grito  
s'El non responde â voz do meu tromento?

---

(1) O corazón do poeta, vivindo de cote en doce paz e mansedume rompeu agora n'unha labarada de fogo, e pon na boca d'un scravo istes ais adoecidos e verbas de desespero, que La Iglesia estaba lexos de sentir. A sorte d'os seus fillos, que n'aquela terra cubana pelexaban, foi a qu'arrincou istes pensamentos. S'il se decatase que soarían mal en ouvidos católicos, nunca os escribira. (*Nota do coleucionador.*)

Penso, sinto, descurro, o tempo mido,  
miñas aucíos aregro  
siguind'a luz do ben; amo seguido;  
pro... irado caporal chámame ¡negro!  
e gózas'en ollarme escarnecido.

De cote apouvirar os meus deseyos  
conseg'a mau d'un branco,  
que vist'o corpo meu con baqueteyos:  
xamais o sentir meu debe ser franco,  
s'ha de fuxir os ¡ais! de tantos freyos.

En van o ledó sol da Pirmaveira  
dourand'os maniguaes,  
o vando dos paxáros lisonxeira,  
vên a faltar d'amor; a mín fataes  
faíscas ven xuntarme na moleira.

Eu non debo vivir do brando alento,  
d'aquel afeuto santo  
do que peito ningún quedou esento:  
pedra teño que ser diant'ese encanto  
que rexe dend'a frol ô pensamento!...

¿Pol-a preteira cor qu'en mín Natura  
revasou da medida,  
non podo ser xa libre criatura?...  
¿Hastra cando, cubiza adoecida,  
me has de dar a beber dest'amargura?...

¡Maldizón! ¡maldizón! Iniquidade,  
¿quén teu folgo alimenta?  
¿En qué fundar se pode a autoridade  
qu'os cimentos do bén di que sustenta,  
e coida timón ser da humanidade?...

¡Desaforo brutal, abusamento  
d'autoridá furtada,  
¿Qué fas do teu cantado igualmente  
que a Cruz sobr'o Calvario ensanguentada  
deu, c'o sprito de Dios, ô entendimento?...

¡Ouh espirto de raza esprotadora,  
entrañas de serpente,  
s'eres sensibre aind'a voz da honore,  
ergu'un tempro â razón, pensa e detente,  
qu'ese inxemplo que dás chama o terrore;

España liberal, ergue o estandarte  
da redención do scravo;  
que os sigros gozarán en alaudarte  
do teu rexo poder sin menoscabo:  
da dinidade humán ¡sé tí baluarte!



## CONTRAPASO DE ROIS

Ô poeta gallego, Escelentísimo Señor Conde de San  
Xuán D. Vicente Calderón e Oreiro

Sopra gaiteiro co as tuas froyiñas,  
búle c'os dedos, grorenta este val,  
ora no esquezas que as nosas meniñas  
teñen na gaita seu moelle royal.

Sígan, rapaces, do baile as cadeas;  
nenas pr'adiante, e candongas pr'atrás.  
Puntos ben feitos apráudens'as cheyas,  
¡chíro-lorírolo! ¡ter-que-las-trás!

## II

¡Ala gaitiña! sostén teu alento.  
Fai que n'acore o pibel do roncón:  
déixa qu'estriquen os rizos do vento  
pol-as caeiras teu mérido són.

Cando ti argallas c'as tuas palletas,

o paxariño do inverno fay vrán;  
guindan os coxos ô aire as muletas,  
e hastra fan lume os seixos no chán.

### III

¡Ei! ¡Roxeliña!... ¡Qué ben fal-os puntos!  
¡Cáse t'amañas con este compás!  
¡Os desveliños... pasémolos xuntos,  
anque d'envexa ravéen os cás!  
¡Cómo che vên ese pano do colo!  
¡Moito che cai ese dengue galán!...  
¡Ai! non me figues, sinon posme tolo:  
¡Coida que podó rolar pol-o chán!

### IV

¡Basta, ruliña, qu'ó teu contrapaso  
lévache xeito de non s'acabar;  
si che parece, botémos un vaso;  
compre têt forzas pra logo ruar.

Xa ven a noite c'ó manto d'estrelas...  
¡Vaya non olles con tanto desdén!  
dí, diamantiño, ¿non gustas de vélas?...  
—¡O pé da fraga, meu rulo, ¡n'é ben!

¡Ô GRAU! ¡Ô GRAU!

Por moi garridas que foren  
as follas do pensamento,  
pra non deixar de sí rastro  
van caendo, ai, van caendo.

Cand'a verdade n'oureira  
entr'o frondal da palabra,  
son os folludos conceitos  
polvo que barre a xurrada.

Com'os remuíños d'outono  
barren os pasos d'a vreda,  
así se barren as copras  
que d'a verdá non naceran.

Cantá, poetas, cantade,  
erguend'a santa bandeira

do batallón da verdade,  
pra darlle cor a esta era.

Non copiedes uns dos outros,  
pintad'as vosas ideyas;  
cada frol ten o seu cheiro,  
seu criar cada moleira.

O que non seipa cantare  
canto sint'e canto pensa,  
é millor que fech'os beizos,  
vale mais que dé âs orellas.

A verdade é ouro puro,  
a falsedá lama infesta,  
o adular traidor, fume,  
o vil mentir vilipendia.

Poetas, fillos do ceo,  
non torzás voso camiño;  
Lucifer tamén foi ánxel;  
Sócrates, home; pro dino!

## A GALLEGUÑA

### ALBORADA

Música do Mestre Castro

Arpas dos nosos pinos,  
liras do carballal,  
gaita do verde outeiro,  
os vosos dozores  
xuntá c'os do mar:

Un himno de fé,  
un himno de paz,  
un himno de amor  
cantá, cantá.

Queden por hoxe mudos  
loitos e suspirar,  
dádenos voso arrolo;  
c'o són d'a esperanza  
que falla nos tai,

un himno de fé,  
un himno de paz,  
un himno d'amor  
cantá, cantá.

C'os lánquedos rumores  
qu'erguedes n'ó serán,  
guiando noso espirto,  
presa das vaguedás,  
ô altar misterioso  
do campo estrelar,  
un himno de fé,  
un himno de paz,  
un himno d'amor  
cantá, cantá.

Mentras qu'a Noite cocha  
do Sol a testa oural  
y-o paxaríl gorxeo  
seu triste adiós lle dá,  
c'o brando riseo  
d'a fonte e rial,  
un himno de fé,

un himno de paz,  
un himno d'amor  
cantá, cantá.

Do sospiroso peito  
apaciguand'os jais!;  
espertand'a Esperanza  
co seu amor de nai,  
e co voso arrolo  
qu'as penas estrai,  
un himno de fé,  
un himno de paz,  
un himno d'amor  
cantá, cantá.

## RUMOR D'ABRIL

### BALADA

#### I

##### *Mozos*

Ôs crutos dos nosos montes  
suben as ninfas do val,  
a darlle riqueza'âs fontes  
c'o seu pichel de cristal.

Filliñas das Fadas nosas,  
ergued'ergué voso són;  
e fartarésnos de rosas  
e froitas de bendición.

#### II

##### *Mozas*

Ninfas d'o río  
volá, volá,

as louras nubes  
encadeá;  
e pol-o Outono  
frutecedor,  
por vós teremos  
sonrir d'amor.

Gayas nubiñas,  
aire cantor,  
¡por vós teremos  
sonrir d'amor!

## COPRAS

As grandezas d'hoxe en día  
son binchas de xabronada,  
así qu'o sopro arrecía  
alá van; tórnanse en nada.

Quén coidaría, señor,  
qu'os que n'o ceo se vían  
dend'aquel baño d'albor  
ô lamugal baixarían!

¡É mundo! N'hai que faguerlle:  
El ten que dar suas voltas;  
tolo é quen queira porlle  
freos, atrancos ou soltas.

Dios qu'a intención sondexea  
pagoulles c'o merescido;  
quen n'a traición se bandea  
será n'o lazo prendido.

# ¡MIÑA TERRIÑA! ¡MEU LAR!

## BALADA GALLEGA

*«Todo o mund' é pátre» ¡O vento!  
Pátrea comun sô no ceu:  
no chau....corpo e pensamento  
tiran a ond'un naceu.*

Por millorar miña sorte  
da miña terra emigrei,  
agor'a voltas c'a morte  
hastra queixarme non sei.

¿Quén maxinar, vágoas miñas,  
qu'así viríamos dar  
a un fondo leito d'espíñas  
n'estrouta banda do mar!...

¡Ai, meus galáns arredores  
terriña e ceo do meu lar,  
olliños dos meus amores  
a ond'eu vin a parar!

O corazón sinto malo:  
¿onde consolo hachará?  
abala se de vós falo;  
se calo suspiros dá!

S'eu a tí voltara,  
meu querido lar...  
jai!... non me fartara,  
non, de te bicar!.

7 Sant-Yago 1888.

## O ZANFONISTA MANDUCA

N'a festa de S. Bastián

—*¿N'esta casa hai lume?*  
—*¡N'aquela, qu'hai fume!*  
(Xogo das catro esquinas.)

Foi ben curta a festa,  
miña Maruxiña.  
A xentiña é boa  
pro, ¡xa che non guisa!  
Xa non hai compango,  
acabouse a chicha,  
a sartén non roxe,  
o barril non pinga,  
e d'aquel molete  
que tan bén sabía  
non quedou frangulla  
nin pra unha galiña.  
Pilla a pandeireta,

vámonos, filliña,  
ô lugar d'enfrente  
qu'hoxe alí dan vivas  
ôs qu'aquí moulaban  
onte nas tortillas.  
Dame esa zanfona,  
vámonos axiña,  
pois... pra os qu'andan tardos  
n'hai xamón nin misa.

—Pro, señor, vostede  
onte non dicía  
que n'había xente  
como esta xentiña?...  
¿cómo así deixala?  
eu agradescida..

—¡Déixate de leria!  
janda, miña filla!  
todo o mundo foxe  
da lareira fría!

—Pro, meu pai, escoite:  
¿qué dirá a familia?  
¿qué dirán as mozas  
qu'amañado tiñan

pra esta noite o baile?...

—¡Digan canto digan!  
Quen propón non manda  
como as miñas tripas.  
¿nunca as tuas contas  
han de dar c'as miñas?  
Estes festexeiros  
poucas forzas tiñan:  
ti xa o ves, rapaza,  
jn'has de ser bobiña!  
qu'os d'aló pormeten  
festa pra mais dias.  
¿Próbanche as morcillas?  
¿Queres ter d'abondo  
vaca e mais chacina,  
e botar un grolo  
trás da longaniza?...

—¡Vaya, non tolée!

—¿Gustanch'ou non, xilgara?

—Todas esas cousas,  
diga canto diga,  
pra os que dan ô beo  
n'han de d'andar tan listas.

—¡Val quen tén, rapaza!  
¡val quen tén, neniña!

—¿E a palabra nosa?

—¡Tantarula! ¡Mira,  
quen non ten pra lenzo  
n'há de dar camisas.

—Elle ben aceda  
toda esa doutrina!

—Pois pr'ô mais do mundo  
serve de cartilla...

—Dios llo pague estonces;  
pro, ¿vosté maxina  
qu'ha de durar tanto  
esa festa?

—Rica,  
ende s'acabando,  
nosa orella fina  
nos dirá onde botan  
novas *dinamitas*.

—Pro ¿cómo esculpamos  
nosa despedida?

—As esculpas, nena,  
trágueche cotifas:

por moi ben qu'a doures  
eche o mesmo. ¡Arriba!  
¡Non perdamos tempo!  
Vamos onde guisan,  
e quen queira noces  
él que as merque, filla.  
Tí descurre copras,  
moita encensaría,  
qu'eu direi contigo  
dando a zanfoniña:  
*¡Que por moitos anos  
viva o funcionista!*  
Xa verás n'a mesa  
cantos dicen: ¡¡Viva!!  
e dimpois...: —¡Ahí quedas!  
*Así ch'é a vida.*

29 Enero 1884.

## AMOR SIN BRÉTEMAS

Ven lume dos meus ollos,  
luceiro d'esperanza,  
da miña venturanza  
n'o adormecido imán!  
C'ás tuas crenchas d'ouro,  
c'o teu mirar fulxente,  
farás abril'o Ourense,  
refrorecel o chán.

Ven amainar dolzosa  
c'o teu froril alento  
meu tolo pensamento,  
meu triste corazón;  
pois sabes n'onduleya  
n'a fronda ramacia  
pra mín outra armonía  
qu'o teu molíño són.

D'o campo da luciña  
que dán teus ollos puros  
alónxans 'os conxuros  
da loura impuridá;  
e brotan mil imaxes  
d'anxélica risura,  
mostrand'a fror, figura  
d'a tua castidá.

Acércam'esa testa  
de maxestade asento,  
cruxol do pensamento  
mais cándido e sutil:  
teus ollos amantiños  
que rindo atornasolas,  
soltando mais raxolas  
qu'estrela diamantíl.

¡Ven! ¡Ven! Xuntos cantemos  
n'a farpa d'os amantes  
mais tenros e costantes,  
formand'un solo ser.  
¡Ven! ¡Ven! Sobre este castro

de mirta e d'hedras cheo  
xuremos pol-o ceo  
¡Amor hastra morrer!

Así chamaba,  
pé de Chacín,  
por doña Branca  
bardo xentil,  
cando zoando  
dardo traidor,  
fechou os ollos  
d'o trovador.

Julio 1883.

## A VIRXE DO VAL

### ORACIÓN DO SERÁN

Ô sôn da campana  
xa ven o serán,  
c'o manto d'estrelas  
crubind'este chán.

As auras sospíran  
en torno de nós;  
paxaros e frores  
nos dicen Adiós!

A santa Esperanza  
xa volv'a pousar  
n'a nosa testiña  
seu doce alumar.  
Con él oubedente  
â voz do metal,  
os rogos ergamos  
â Virxen do Val.

## I

Ave María  
astro dos mares,  
antr'os pesares  
consolo fiel,  
hox'e no trance  
d'a crúa morte  
sé noso forte  
contra Luzbel.

## II

Esa lúa qu'así ergue  
nosos ollos hastr'o ceu,  
n'é tan doce, virxen santa,  
com'a lúz do candor teu.

## III

N'esta vida treizoada,  
noso scudo ven a ser,  
e si ves que débres somos,  
nai d'amor, vênnos erguer.

#### IV

¡Coitadiñas de nosoutras  
se nos falla teu sostén...!  
líbranos, libra, Señora,  
d'este mundo inxusto. ¡Amén!

#### *Coro*

Gozo d'os ceos,  
Madre de Dios,  
sé noso amparo,  
vela por nós.

## O MAR

¡Zóa, mar funga, balbordea, brúa,  
n'arredres teu furor, érguete âs nubes,  
fai â terra tremer, barcos e penas  
co-as tuas gorxas de demoño engule!  
co-a rabia qu'aferventas n'o teu seo  
érgue esas mangas d'asalgados fumes;  
tua íria sin par non teña termo,  
c'os teus tronidos ceu e chán aturde.

Decrárate martelo soberano  
contra canto durez teña e valume;  
c'o teu constante dente jroe, roe!...  
canto enriba de tí a industria xunte:  
cañós, balas, madeiras, hosos, teas...  
nada teu ventre comellón repune.  
Enfónchate, orgulécete, aroállate;  
pro cantas máis areas en tí xuntas  
máis material serán con que dar corpo  
âs veiras que desfás c'os teus rempuxes.

Dentro do corpo teu vai outra forza,  
xuntando o que tí mós, pro non destrues.  
Ela refreará tua puxanza  
pra qu'a soberba contr'o ceu n'atufes;  
ela c'o limo e sal d'as veas tuas  
os corpos xuntará qu'irado tundes,  
facendo novos seres, terras novas,  
da masa levedada n'o teu buche.  
D'a terra n'has facer cera e pabío;  
erguéla ti verás vales e cumes;  
qu'a madre Natureza farturabre  
sô vive pra criar, e hastra do fume  
e d'os seres manidos e invisibres  
fai os ministros do seu trono illustre.

Tí non eres nomáis que forza bruta,  
palanca remexente que rexurdes,  
porqu'o âr te manea atropelante  
ô són d'ese calor que baixa ou sube.  
Tí eres un cabalo sin concenza,  
touro que forzas misteriosas xunguen,  
fera doente qu'arroutada trabas  
cando ch'atizan os centraes lumes;  
pro, suxeita ô poder d'a intelixenza,

(de Dios somello d'inmortal relume),  
qu'irá brillando sobre tí decote,  
porqu'a verdade pol-o mundo cruce.

Non t'envanezas, pois, MAR, pára quedo,  
non loites briarial nin testarudes:  
pois nunca has de ter máis soya unha gota  
ora t'abales, ergas ou debrúes—,  
e por guindar n'a terra outro deluvio  
o brillo d'as estrelas hoxe enfusques.  
Canto lles das, che dan sin perder solbo  
ríos e fontes, brétemas e nubes,  
sin minüir a vida ese tesouro.  
con que dotado dende o empezo fuches.

As pelras e diamantes d'o teu seo,  
a prata e ouro que n'as penas luces,  
as vidas dos mortás que cego solbes,  
por ben que te retorzas e marmules,  
e raches tua lingua contra as pedras,  
e mais ventosas contra o chan apuntes,  
non ch'han de dar un grau de máis potencia  
anqu'os sigros pra tí suas horas xunten.

Cálmate, calma pois, non sexas tolo,  
víst'o teu manto d'anacrado azure,

non adiques mais túmbalos â morte  
nin t'asolace o lostregar d'axufre;  
pois abundan n'o chan os simiterios  
sin que fallen as bágoas en ningures.

Non sexas istrumento d'a disgracia,  
door n'o noso peito n'acugules:  
deixa paso os mortás. Calma tuas írias,  
fúnde tua gloria en ver que contribües  
ô pran d'o Dios criador, que se comprace  
en xuntar teus confís co-as suas luces.

D'as edás que tí viches ir rolando  
n'esa liña espiral qu'ô ceu ensume  
¿lograches tí matar o pensamento  
por mais que badiou teu ruxe-ruxe?...  
¿poideches tí arredar qu'o Vello Mundo  
ô Novo dese cencias e costumes?...  
¿consequiche afogar o sagro alento  
d'os inmortás Colón, Gama e Vespuce,  
e qu'a y-albre d'a Cruz verta esperanzas  
do alto Chimborazo aló n'o cume?  
¿Nin que Garay e Fulthon t'enfresasen.  
nin qu'as ideyas por teu seo crucen  
como por antr'as veas d'o cerebro

qu'altos imperios erguen e confunden.  
e fan qu'o chan hispán e filipino  
antre duas auroras se saúden,  
e sintan as Antillas seus sospiros  
e n'unha mesma aspirazón se xuntén?...

¡Nón e nón, longo MAR! Decote escravo  
serás d'o sprito humán: sí, ¡non o dudes!  
mentres qu'o sprito mande n'a materia,  
ora durmas en paz, ora t'atufes,  
franco paso darás â humanidade:  
conqu'así ¡para quedo... e durme ... dúrme!

Frebeiro de 1881.

## A ARMADURA DO CID N'A CATEDRAL DE SANTIAGO

Mozos de Vite e d'o Gozo,  
Humilladoiro e d'o Sar,  
vinde a ver o cabaleiro  
*Rui Díaz de Vivar*.  
Alí s'está de xionllos  
acarón d'o sagro altar  
d'o noso Señor Santiago,  
ond'as armas vai velar.

¡Pardez! que tén longa espada,  
ferrudo peto e spaldar,  
malludas calzas qu'afonden  
ô que n'as saiba levar,  
e manoplas cal n'hay puños  
que as poideren domear;  
sobre todo, un morrión  
de tan vivo tintinar,

que o demo há de fer o alfanxe  
para podelo mellar.

Garde Dios ô moi valente  
que a Laín Calvo ha d'herdar,  
e pille a forza d'o rayo  
contra a ralea de Agar.

¡Boarnegas, Boarnegas,  
que dormís baixo ese altar,  
torná invencíbel-as armas  
de Rui Díaz de Vivar,  
para que alarbio non deixe  
dende León a Gibraltar,  
e dend'o Algarbe hastra Créus  
con folgo para loitar.

## LAIDOS

A Rosalía de Castro Murguía

*Cando os fillos son grandes  
nunca a pátreá é pequena.*

### I

Perdona, verde Erín, si n'este día,  
trubado c'ò pesar, co-as bágoas cego,  
non sei pintar teu dôr por Rosalía.

N'é d'abondo chorar como eu a rego,  
trocado n'unha fonte d'amargura,  
nin decir qu'era un sol do chán gallego.

E perciso encumars'â aquela altura  
d'a qu'ela insiñorada, a todas horas  
ôs mundos expandiu tua hermosura.

A mais das súas áas subidoras,  
comprirá ter a chave d'o tesouro  
d'as suas soidás conmovedoras.

Aquel sentir tan seu, sua gorxa d'ouro  
pra gorgullar tenruras sô nacida,  
pra saloucar seu triste penar louro;  
aquele penar treidor, qu'a sua vida  
foi rilando, rilando sonsamente  
as cordas da sua lira tan garrida.

Marrándome o lucir d'a sua mente  
non tendo a docedez da língoa sua  
¿cómo habrei de pintar teu dôr mordente?

¡Ay! ¡n'é posibre, non!... Serán nin lúa,  
por ben que nos farturen d'arreboles  
os labres n'abrirán da prenda tua.

Moitas noites virán, soles e soles,  
e festas, e ruadas como adoito...  
virán dimpois do inverno as gayas froles;

pro ¡ay! quen os pintou con tanto froito  
d'a tomba non sairá... ¡triste Galicia!  
por ela n'hei de ver teu pranto enxoiito.

¡Emposibre calmare tal tristicia!  
¿cómo non ser... morrendo d'estes lares  
o reiseñol que foi nosa delicia?...

Por mais que portos, rías e vilares  
correndo vai miña alma sospirosa...

non topa, antr'o rumor d'os castañares  
os ecos d'a sua lira soorosa.

¡Ay dínos, dínos tí, galaico Pindo,  
¿Quén vai ser a vestal d'a raza nosa?

¿Quén pol-o cume teu pod'ir subindo  
aureolada en lume rosicreiro  
cal hoxe Rosalía vai sorrindo?

Ela qu'erguía o voo tan certoiro  
sin maxinar qu'as áas arrolaba  
n'o perdurabre amor d'un reino enteiro;

noso amargor cotián doceficaba:  
ela, coutos e chousas recorrendo,  
cántigas de vivir filigranaba,

cántigas c'as qu'o amor pátreo sostendo  
ôs hirmás d'Ultramar tenra chamaba...  
mentres, cisne d'amor, iba morrendo!...

## II

Pra xemer e cantar, cal *Filomela*,  
naciche destinada, Rosalía,  
o pé d'o lexendal Campo d'a Strela.

Bendito o berce teu. Bendito o dia

en que o sopra feliz d'o Sar xemente  
lume acendéu de céltica poesía

n'o teu espirito d'esprenzor latente  
como o luceiro batidor d'a Aurora,  
con doce lumiar sempre crecente.

A tua ollada fiel, vixiadora,  
canto adorna este chán rico d'encantos  
veu, e cantou tua lira arroladora.

Nin xiados esguellos, nin querbantos,  
poideron tafegar seu són devino.  
nin cativar os teus arranques santos.

Cantar, suévica musa, foi teu sino  
c'o rico son da nosa meiga fala,  
que soyo os néceos non coidaban dino.

¡Mingoada errore! Mais tiveche a gala,  
n'as cantarelas d'a sinxel labrega,  
co-as tuas glosas deprenderll'a escala.

E entrar valente n'a finchada brega,  
a causar c'os teus sôns longa ferida  
a cantos néceos a soberbia cega.

Pro ¡ay! todo acabou, Musa querida,  
cando a y-alba esparxir seus cores ledos,  
xa tí non pintarás cadros de vida

nin c'ô rouco xemer d'os arboredos  
os ais nos lembrarás qu'ôs nosos lares  
trague a noite inverníl, forxa d'os medos.

Nin c'ô incenso queimado ant'os altares  
a voz misturarás d'as criaturas  
qu'erguen ô Dios de paz tenros pregares...

¡Cumpriche o deber teu! Tuas tenruras,  
endempois d'amainar os nosos dôres,  
voaron ôs mistéreos d'as alturas.

Coido qu'alí terás horas millores  
erguendo ô Criador cantar siguido,  
porqu'así ch'aforrou mil sinsabores...

Namentras o teu pobo, agradescido,  
non pode botar terra, Rosalía,  
ô teu pátreo cantar, doce o frofido...

Morriches, sí..., pro... non... ¡hoxe é teu día!  
Tí non podes morrer, celta cantora,  
anqu'ô teu corpo fay n'a tomba fría.  
¡Non morre o bô por quen sua pátreo chora!

## A MUIÑEIRA DA SEGA DO TRIGO

Erte, Minguíños, e vente conmigo,  
Erte e non seas así dormitón;  
Colle o forcado e abrangue o fouciño  
Mentres eu chanto no carro o cambón.

Vén, que reločen as barras do día,  
mais bermelliño que o dengue se pon  
o campanario da irexa, onde ledos  
cen cotovíos subiendo se ón.

Ponde, meniñas, camisa ben branca,  
cofia de liño e sabeneo de lan  
e remangádevos ben hastra os cóbados  
que hox é o día da sega do pan.

Rosa que colla a caldeira da auga,  
Milia que apeite co o cesto do pan,  
que eu levarei a panela da froita  
xa que co o leite os pícaros van.

¡Eida, meniñas; que xa pol-a bouza  
fruta resoa co-o chas-carrás-chas!...  
¡ei! ¡que hoxe o trasno relouca doente  
porque así fartos nos ve de solás!

¡Ai que repretas están as espigas!  
¡Ai que douradas se encrinan a nos!...  
¡Ei raparigos! pillade os fouciños,  
escomenzade no nome de Dios.

### *Primeira voz*

Pardiola, amigos, o sol que alborexa  
évola xoya millor que nos dou  
noso Signore, que él solo as espigas  
co-o seu dourado sorrir maduróu.

### *Segunda voz*

N-as madurara ese sol tan garrido  
se gorda chuvia no abril non viñer  
e a sarabia e xiada no inverno  
por estas bardas non vises caer.

*Terceira voz*

Se lle fallase a sostancia da terra  
e o vento, a purga, no venlle a limpar  
hoxe en lugar do pracer que vos infra  
tristes bagullas vos vira ceibar.

*Carta voz*

Vós ben falás, pron non coma un libro:  
se vos marrase saú pra o coidar  
estes monlliños que alegran a yalma  
fora en de valde pensalos mallar.

*Quinta voz*

Foivos a terra, giada e orvallo:  
foivos o vento que o alimpóu,  
o sol, a chuvia, o arado e a grade;  
foi Dios, en fin, porque Dio'l'o crióu.

*Sesta voz*

Démolle gracias por tanto ben xunto  
e pol'os días que manda tan bos:

que o sol, a chuvia, e o vento e xiada  
se *El* no o goberna fan mofa de nos.

¡Eida rapaces, que estralen os deños!  
¡Ei que xa róxe no lume a sartén!  
¡Ei que xa o sol se vai pôr tras dos montes  
e so nosoutros a noite se vén!

¡Eixo vai roda! ¡qué chea e graúda  
a nosa meda xa sobe hastra o ceu!  
¡Rapi-ós deños! se come pan trigo  
o que non sude a cargar coma eu.

1861.

## PANXOLIÑA DE NADAL

Alegravos, picariñas,  
e votá leña no lar  
porque a fortunosa hora  
para todos vai chegar.

Poñede unha ola chea  
de viño e mel tras do lar,  
ou con azucre e manteiga  
para un grolo impois botar.

Que hoxe o estámigo repreto  
ha de estar de macallá,  
de sopas e de pantrigo,  
de magosto e de mazás.

Meniños tomade piñas,  
pódeas ô lume a quentar  
e mentras a cea chega  
os piñós escabullá.

¡Apilla a fruta Perucho!

ti as ferreñas, Culás!  
Caitano colle o pandeiro!  
e tí as conchas, rapás!

Que mentres Sabela guisa  
vamos nosoutros runfrar,  
cantando pol-o rueiro  
a Panxola do Nadal.

Que é xusto que lle cantemos  
O Santo Neno Xesús,  
que dimpois de nacer probe  
quiso morrer nunha crus.

### *Estrivillo*

*Corré, picariñas  
Correde a escoitar  
antes de que o galo  
comence a cantar.*

### *Copras*

Hoxe a mansa pomba  
frol de Xericó,

paríu nunhas pallas  
o meniño Diós.

¡Virxiña sin mancha!  
¡Filla de Xudá!  
¿Porqué sendo Reina  
pares nun portal?

¿Porqué así nas pallas  
tés o teu pichon,  
o amor do alento  
da mula e do boy?

¿Porqué o anxeliño  
que y'esto anunciou  
un berce máis brando  
pra El no-amachou?

¡Filla de Davide!  
¡Neta de Xacó!  
¿Porqué no-atopaches  
un leito máis bó?

¡Ai, miña xoíña,  
que lástema das!

O ver que pra o neno  
roupiña non tras.

A yalma nos costas  
véndoche quitar  
o pano do còlo  
pra o embrullar.

Qué afrixido e triste  
sospira Xosé  
porque no encontra  
con qué nos valer.

¿Porqué dos palacios  
fuxiche, meu Dios,  
e tan esvalido  
naciche entre nos?

¿Non ves que probiños  
non temos aquí  
non máis que esta almiña  
que nos deches tí?

Antre estas penedas  
fragas e terrós

sô topar podedes  
tenros corazóns.

Pro vamos, pastores,  
iremos catar  
canto hachar poidamos  
para o acochar.

Adios, meu ruliño,  
que vamos buscar  
pelexas e panos  
para te abrigar.

E pra a nanaiciña  
vamoslle tragner  
Cuncas de manteiga  
E olas de mel.

Rulas e pombiñas  
e ovos tamén,  
leite e mais fariña  
pra as papas facer.

¡Adios!, e non chores,  
que no-hemos tardar

pois de este presebe  
preto está o lugar.

¡Adios, galanciño!  
¡Adiós, meu amor!  
Que os teus cabelíños  
son rayos do sol.

Os teus labios rosas  
semeando están  
E luz ôs luceiros  
os teus ollos dan.

Tan doce e fiteiro  
E'o teu mirar  
que non e posibre  
poderme apartar.


Adios que anque voume  
deixo a yalma aquí,  
que como m'a deches  
quer irse pra tí.

Vamos, pastoriñas,  
imos pra o lugar

pra que todos veñan  
a testa inclinar.

Ante o Rey dos reises  
que hoxe aquí naseu  
e do deño a todos  
libertarnos veu.

1861.



## R E X I S T R O

	Págs.
PRÓLOGO .....	5
O sprito d'Aurelio (Balada).....	11
Dous corazóns de manteiga .....	13
As horas d'o día.....	17
A crís d'amor (Serenata) .....	19
A invidia .....	21
A fada d'os campos (Cántiga) .....	24
A bélica gallega (Canto d'a pátria).....	27
A strela d'a fartura .....	30
A Galicia (Himno) .....	33
A strela Cruñesa (Alborada) .....	38
A danza d'as candeas .....	41
A muiñeira (Ô són do pandeiro) .....	44
Abride as ventanas (Serenata) .....	48
O manco da Patria (Romance) .....	51
A solas.....	53
Reisiñol.....	55
As vágoas voantes (Romanza) .....	57
Soedades.....	58
¡Ô lobo, ô lobo! .....	63

	Págs.
Os ais d'un scravo .....	66
Contrapaso de Rois.....	70
¡Ô grau, ô grau!.....	72
A galleguiña (Alborada) .....	74
Rumor d'Abril (Balada) .....	77
Copras.....	79
¡Miña terriña! ¡Meu lar! (Balada gallega).....	80
O zanfónista Manduca.....	82
Amor sin brétemas.....	87
A Virxe d'o Val (Oración do Serán) .....	90
O mar.....	93
A armadura d'o Cid n'a Catedral de Santiago.	98
Laídos a Rosalía de Castro Murguía .....	100
A muiñeira da sega do trigo .....	105
Panxoliña de Nadal.....	109
REXISTRO .....	117

Rematouse esta obra o  
día trece d'o mes de  
XANEIRO d'o  
ano de 1930



*Acabóse de imprimir esta obra  
a fines de julio de 1930  
en los Talleres Voluntad,  
Madrid*



*Con las debidas licencias*

